

500 DÍAS INICIATIVAS EN DEFENSA DA GALIZA

Informe sobre a actividade
realizada no Congreso

bng 

BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

500 DÍAS, 500 INICIATIVAS EN DEFENSA DA GALIZA

O BNG distinguiuse historicamente pola defensa coherente e insubornábel dos intereses da Galiza e do pobo traballador galego alí onde for, na intervención social ou na política institucional en todos os ámbitos onde ten presenza. Así foi no Congreso ao longo de 20 anos en que os deputados e deputadas do BNG exerceron con absoluta dignidade e eficacia a función de seren a voz dos intereses dos galegos e galegas.

De facto, o contraste co papel submiso das forzas políticas estatais no período de 4 anos en que o nacionalismo non tivo presenza no Congreso resultou esclarecedor e foi un dos elementos que provocou que moitos galegos e galegas voltasen a confiar no BNG nas eleccións de novembro de 2019, en que recuperamos a representación.

Nesa altura, comprometémonos e a ser a voz activa das clases populares galegas e da defensa da Galiza e estamos cumprindo, pois -con todo o mellorábel que sen dúbida pode ser o noso labor- con ese espírito de compromiso co noso País viñemos traballando neste tempo. Cando se fan 500 días desta lexislatura, podemos afirmar que non houbo cuestión que afectase a Galiza, o seu desenvolvemento, a mellora da calidade de vida e benestar dos galegos e galegas, que non fose abordado e -sendo competencia do Estado- trasladado ao Congreso.

Se callar, o máis coñecido da actuación do BNG é o Acordo de Investidura, que desbloqueou a Axenda Galega cunha serie de medidas absolutamente necesarias. A pesar de que é evidente o escaso interese do Goberno PSOE- Podemos en cumprilo en tempo e forma, tamén é verdade que marca un horizonte claro de actuacións e compromisos coa Galiza que permite á sociedade galega -como está a facer o BNG- reclamar a súa execución para se materializar en avances concretos.

Para alén dese acordo, **nestes 500 días, foron practicamente medio millar -no concreto, 486- as iniciativas as desenvolvidas.** Aí están as numerosas propostas orientadas á defensa da capacidade da Galiza a se desenvolver economicamente e a garantir emprego, benestar e futuro para todos os galegos e galegas. Iniciativas en relación coa crise industrial e a defensa da actividade económica e dos postos de traballo. Coa defensa do nosos sectores agrario, gandeiro, pesqueiro e marisqueiro. Coa exigencia dunha transición xusta. Coa reclamación da modernización das nosas infraestruturas de comunicación, en especial da nosa rede ferroviaria interna. Coa defensa da vida e da saúde neste contexto de pandemia. Coa preservación do medio e do noso territorio, a denuncia do espolio e a reclamación doutro modelo enerxético ao servizo do País.

Iniciativas tamén en defensa da Galiza como nación, da nosa lingua, de dereitos e transformacións democráticas e dun marco que supere as limitacións do Réxime de 78 monárquico e nos permita desenvolvernos como pobo soberano. Aliás, o deputado do BNG, Néstor Rego, realizou neste tempo máis de 300 intervencións parlamentares en que os intereses dos noso País estiveron sempre presentes.

Con este mesmo espírito de compromiso co pobo galego, o BNG continuará traballando no Congreso nos próximos tempos.

PROPOSICIÓN DE LEI PRESENTADAS NO CONGRESO

Proposición de Lei sobre crianzas roubadas no Estado Español.

Conxunta co Grupo Plural, Euskal Herria Bildu, Socialista, Confederal e Republicano. PL.

Proposición de Lei relativa aos actos do Rei suxeitos a inviolabilidade. PL.

Proposición de Lei de protección integral dos alertadores.

Conxunta co Grupo Republicano, Compromis e Más País. PL.

PROPOSICIÓN NON DE LEI PRESENTADAS NO CONGRESO

1. PNL relativa aos servizos ferroviarios deficientes e discriminatorios na Galiza e medidas urxentes que debe impulsar o Ministerio de Fomento. **Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. PNL.**
2. PNL relativa a establecer a compatibilidade entre a actividade de creación artística coa inclusión no Réxime de Clases Pasivas do Estado, a percepción de pensión non contributivas ou o cobro de pensións por incapacidade absoluta permanente. **Comisión de Traballo, Inclusión, Seguranza Social e Migracións. PNL.**
3. PNL relativa a modificación da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico e do texto refundido da Lei de Augas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo. **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico. PNL.**
4. PNL relativa á recuperación para uso civil dos bens do patrimonio de Defensa de interese histórico-artístico, ambiental ou en desuso pero de utilidade pública ou social demandada pola sociedade. **Comisión de Defensa. PNL.**

5. PNL relativa a recuperación para uso civil dos bens do patrimonio de Defensa de interese histórico-artístico, ambiental ou en desuso pero de utilidade pública ou social demandada pola sociedade, en particular dos solares situados no Campo da Estrada. **Comisión de Defensa.** PNL.
6. PNL relativa á reparación do Blue Star nas instalacións de Navantia da ría de Ferrol. **Comisión de Industria, Comercio e Turismo.** PNL.
7. PNL relativa á construción da Estación Intermodal da Coruña. **Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.** PNL.
8. PNL sobre o Complexo Integral da ría de Ferrol. **Comisión de Industria, Comercio e Turismo.** PNL.
9. PNL sobre a situación dos centros da Coruña e Vigo do Instituto Español de Oceanografía. **Comisión de Ciencia, Innovación e Universidades.** PNL.
10. PNL relativa á transferencia por parte do Estado á Xunta de Galiza da AP-53, así como a revisión das súas tarifas. **Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.** PNL.
11. PNL pola que se insta ao Estado español a que solicite á comunidade internacional para que se levanten os bloqueos a Cuba, Irán, Venezuela e a Franxa de Gaza, ante a actual situación de pandemia global pola COVID-19. **Comisión de Asuntos Exteriores.** PNL.
12. PNL relativa ao feche dos bancos marisqueiros galegos como actividade non esencial dentro das medidas adoptadas en relación á COVID-19. **Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación.** PNL.
13. PNL relativa á utilización do medicamento de orixe cubano chamado INTERFERÓN Alfa2B Humano Recombinante na loita contra a COVID-19. **Comisión de Sanidade e Consumo.** PNL.
14. PNL pola que se insta ao Goberno a adoptar medidas urxentes en relación co sector primario de cultivo de planta e ornamental e flor cortada ante a crise derivada da COVID-19. **Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación.** PNL.
15. PNL relativa a equiparación entre mutualistas e traballadores por conta propia no acceso a axudas derivadas da crise da COVID-19. **Comisión de Trabajo, Inclusión, Seguranza Social e Migracións.** PNL.

16. PNL pola que se insta ao Goberno a adoptar medidas urxentes en relación co sector do mar na Galiza ante a crise derivada da COVID-19. **Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación.** PNL.
17. PNL relativa a posta en marcha de medidas e axudas que contribúan a paliar a crise derivada da COVID-19 no sector cultural. **Comisión de Cultura e Deporte.** PNL.
18. PNL relativa a estender a todos os membros de mutualidades de previsión social alternativas ao RETA (Régime Especial de Traballadores Autónomos), a prestación extraordinaria por cese de actividade para traballadores por conta propia ou autónomos establecida no Real Decreto-Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte o impacto económico e social da COVID-19. **Comisión de Trabajo, Inclusión, Seguranza Social e Migracións.** PNL.
19. PNL relativa á introdución de criterios socioeconómicos no reparto da cota de cabala dentro do Estado. **Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación.** PNL.
20. PNL sobre o esclarecemento dos feitos acontecidos en relación a desaparición do líder saharai Mohamed Sidi Brahim "Bassiri". **Comisión de Asuntos Exteriores.** *Conxunta co Grupo Republicano, EH Bildu, Socialista, Junts, Compromís, CUP.* PNL.
21. PNL relativa a adopción dun plan de medidas de axuda o sector musical das orquestras que teñan en conta as súas especificacións. **Comisión de Cultura e Deporte.** PNL.
22. PNL pola que se insta ao Goberno a apertura dos pasos fronteirizos nas Eurociudades do río Miño. **Comisión de Interior.** PNL.
23. PNL relativa a introducir aspectos de xustiza social e transición xusta nos futuros mecanismos de poxas específicas de renovábeis para os territorios afectados polo feche de centrais térmicas. **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.** PNL.
24. PNL sobre a supresión do tren hotel Galiza-Madrid-Barcelona e sobre o transporte ferroviario na Galiza. **Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.** PNL.

25. PNL relativa a derogación urxente de certos aspectos da Reforma Laboral referidos ás condicións do despido colectivo. **Comisión de Traballo, Inclusión, Seguranza Social e Migracións.** PNL.
26. PNL relativa a derogación urxente da Lei de Estabilidade Orzamentaria no referente ao superávit dos Concellos. **Comisión de Facenda.** PNL.
27. PNL relativa a continuidade da planta de Alcoa en San Cibrao. **Comisión de Industria, Comercio e Turismo.** PNL.
28. PNL relativa á creación dunha liña de axudas específica para o acceso a universidade ou a continuación de estudos, destinada a persoas afectadas pola crise económica derivada da pandemia da COVID-19. **Comisión de Educación e Formación Profesional.** PNL.
29. PNL relativa a reforma do Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de buceo e pola que se solicita a transferencia á Xunta de Galiza das competencias nesta materia. **Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.** PNL.
30. PNL relativa á eliminación da cota que limita a pesca da sardiña co arte tradicional do xeito. **Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación.** PNL.
31. PNL sobre o aumento da cota da sardiña na frota do cerco da Galiza. **Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación.** PNL.
32. PNL sobre a defensa dos postos de traballo nas empresas auxiliares de ENEL-ENDESA nas Pontes. **Comisión de Industria, Comercio e Turismo.** PNL.
33. PNL relativa a incluír no sistema xeral de espazos libres a parcela das antigas fábricas de salazón de Quenxe e solicitar da Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria (SAREB) a súa cesión gratuíta. **Comisión de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.** PNL.
34. PNL sobre a mellora da seguranza vial na N-VI ao seu paso por Coirós. **Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.** PNL.
35. PNL sobre a derogación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e permitir as

- entidades locais atender as súas competencias propias con cargo os remanentes e/ou o superávit. **Comisión de Facenda.** PNL.
36. PNL relativa a transferencia das competencias para a total xestión económico-administrativa dos centros do Instituto Oceanográfico Español na Galiza co obxecto de que pasen a formar parte da estrutura propia da Xunta de Galiza. **Comisión de Ciencia, Innovación e Universidades.** PNL.
37. PNL relativa a eliminación das comisións bancarias e ao fomento e accesibilidade ás contas de pago básicas. **Comisión de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.** PNL.
38. PNL sobre a adquisición de vacinas da COVID-19 polo Estado español. **Comisión de Sanidade e Consumo.** PNL.
39. PNL relativa á rectificación por parte do Goberno e a recuperación da liña Avant Ourense-A Coruña suprimida, así como das melloras necesarias no servizo. **Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.** PNL.
40. PNL relativa ao establecemento de axudas compensatorias as mariscadoras e mariscadores durante a execución das obras de rexeneración e dragado da ría do Burgo. **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.** PNL.
41. PNL pola que se insta ao Goberno español a solicitar a execución provisional da sentenza que recoñece o Pazo de Meirás como ben do Estado e a súa posterior transferencia á Xunta de Galiza. **Comisión de Xustiza.** PNL.
42. PNL relativa a modificación do proxecto de Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostíbel dos solos agrarios. **Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación.** PNL.
43. PNL relativa a rexeneración da ría de Ferrol. **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.** PNL.
44. PNL sobre a cesión dos terreos sen uso do Observatorio Meteorolóxico da Agra do Orzán (A Coruña). **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.** PNL.

45. PNL sobre a reforma da normativa que regula a rehabilitación dos espazos afectados por actividades mineiras. **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.** PNL.
46. PNL relativa aos coeficientes redutores para a xubilación das persoas traballadoras do sector da extracción e a transformación da pedra (granito e pizarra principalmente) e o recoñecemento de incapacidade permanente se son diagnosticadas de silicose. **Comisión de Trabajo, Inclusión, Seguranza Social e Migracións.** PNL.
47. PNL pola que se insta ao Goberno a adoptar de inmediato un calendario para a intervención pública de Alcoa. **Comisión de Industria, Comercio e Turismo.** PNL.
48. PNL relativa á modernización da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto e a súa consideración como proxecto estratéxico e prioritario para a reactivación postcovid. **Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.** PNL.
49. PNL sobre a conexión ferroviaria de Alta Velocidade do Eixo Atlántico Ferrol-A Coruña-Vigo-Porto-Lisboa. **Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.** PNL.
50. PNL relativa a reprobar a intervención militar de Marrocos no territorio do Guerguerat. **Comisión de Asuntos Exteriores.** PNL.
51. PNL pola que se insta ao Goberno a incluír unha Nova Declaración no texto da Autorización da ratificación da Carta Social Europea revisada, feita en Estrasburgo o 3 de maio de 1996, e se adhire ao Protocolo Adicional á Carta Social Europea en que se establece un sistema de reclamacións colectivas aberto a firma en Estrasburgo o 9 de novembro de 1995. **Comisión de Trabajo, Inclusión, Seguranza Social e Migracións.** PNL.
52. PNL sobre a cesión do denominado “Colexio Vello” de Celeiro, propiedade da Tesourería Xeral da Seguranza Social, á Xunta de Galiza. **Comisión de Trabajo, Inclusión, Seguranza Social e Migracións.** PNL.
53. PNL sobre unha solución desde o diálogo sincero e a negociación construtiva ao conflito entre Armenia e Azerbayán. **Comisión de Asuntos**

- Exteriores.** *Conxunta con Grupo Republicano, Confederal, EH Bildu, Compromis, CUP, Junts.* PNL.
54. PNL sobre o informe medioambiental do proxecto de delimitación de Espazos e Usos do Porto de Vigo. **Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.** PNL.
55. PNL sobre medidas para unha xestión xusta dos saltos hidroeléctricos. **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.** PNL.
56. PNL sobre a aprobación de axudas específicas para o sector dos espectáculos, festas, e verbenas de especial relevancia na Galiza. **Comisión de Cultura e Deporte.** PNL.
57. PNL para a publicación da capacidade de acceso individualizada dos nós de transición xusta. **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.** PNL.
58. PNL sobre as axudas do carbón. **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.** PNL.
59. PNL sobre a zona altamente dependente de pesca. **Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación.**
60. PNL relativa a declaración da Ponte de Cruzul como Ben de Interese Cultural. **Comisión de Cultura e Deporte.** PNL.
61. PNL relativa á creación dun centro na Galiza para a competitividade e a I+D+i no almacenamento de enerxía. **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.** PNL.
62. PNL sobre a intervención pública na planta de Alu Ibérica da Coruña. **Comisión de Industria, Mobilidade e Axenda Urbana.** PNL.
63. PNL sobre a comercialización do marraxo dentuso. **Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación.** PNL.
64. PNL sobre a redución do tipo de IVE aplicábel aos suministros básicos. **Comisión de Facenda.** PNL.
65. PNL sobre a redución do IVE para as actividades nos salóns de peiteado, barbería e estética. **Comisión de Facenda.** PNL.
66. PNL sobre a adquisición de vacinas contra a COVID-19 polo Estado español. **Comisión de Sanidade e Consumo.** PNL.

67. PNL sobre a contratación do servizo de mantemento en Navantia na ría de Ferrol. **Comisión de Industria, Comercio e Turismo.** PNL.
68. PNL sobre as compensacións económicas a mariscadoras e mariscadores afectadas polo dragado da ría do Burgo. **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.** PNL.
69. PNL sobre a renovación xeracional na flota pesqueira galega. **Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación.** PNL.
70. PNL sobre a convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias Xunta de Galiza-Goberno do Estado. **Comisión de Política Territorial e Función Pública.** PNL.
71. PNL sobre a participación das seleccións galegas en competicións oficiais. **Comisión de Cultura e Deporte.** PNL.
72. PNL sobre o feche da central térmica das Pontes. **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.** PNL.
73. PNL sobre os contratos predoutorais. **Comisión de Ciencia, Innovación e Universidades.** PNL.
74. PNL pola que se insta ao Goberno a recorrer a sentenza de segunda instancia ditada pola Audiencia Provincial da Coruña sobre a propiedade do Pazo de Meirás. **Comisión de Xustiza.** PNL.
75. PNL sobre as inmatriculacións irregulares da Igrexa Católica. **Comisión de Xustiza.** PNL.
76. PNL sobre o establecemento de protocolos adecuados de prevención e tratamento dos casos de COVID-19 nos barcos que faenan en alto mar. **Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación.** PNL.
77. PNL sobre o levantamento das medidas coercitivas unilaterais impostas a República Bolivariana de Venezuela. **Comisión de Asuntos Exteriores.** PNL.
78. PNL sobre a reparación do buque “Galicia” nos estaleiros da ría de Ferrol. **Comisión de Industria, Comercio e Turismo.**
79. PNL sobre o macroproxecto eólico que abrangue os parques de Rebordechao, Barxas e Prada. **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.** PNL.

80. PNL sobre a compensación o sector marisqueiro durante as obras de dragado da ría do Burgo. **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.** PNL.
81. PNL sobre a desclasificación de información do Golpe de Estado do 23F. *Conxunta con Grupo Republicano, Grupo EH Bildu, Junts, CUP e PdeCat.* PNL.
82. PNL sobre a diversificación de actividades nos estaleiros de Navantia Ría de Ferrol. **Comisión de Industria, Comercio e Turismo.** PNL.
83. PNL sobre a tributación das persoas con dous ou máis pagadores no IRPF. **Comisión de Facenda.** PNL.
84. PNL relativa a impulsar a creación dunha nova Conferencia de Paz entre Israel e Palestina. **Comisión de Asuntos Exteriores.** *Conxunta con Grupo Socialista, Grupo Confederal, Grupo Vasco, Grupo EH Bildu, Grupo Plural.* PNL.
85. PNL sobre a conexión ferroviaria co porto exterior da Coruña en Punta Langosteira e a condonación ou compensación da débeda contraída pola Autoridade Portuaria para a súa construción. **Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.** PNL.
86. PNL sobre o feche e desmantelamento da central nuclear de Cofrents ao expirar a concesión en marzo de 2021. *Conxunta con Grupo Republicano, EH-Bildu, Grupo Confederal, Compromis, Junts.* PNL.
87. PNL sobre o uso dos topónimos oficiais propios da Galiza nas aplicacións de xeolocalización. **Comisión de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.** PNL.
88. PNL pola que se insta ao Goberno a establecer coeficientes redutores da idade de xubilación do persoal do Servizo de Gardacostas da Galiza. **Comisión de Traballo, Inclusión, Seguranza Social e Migracións.** PNL.
89. PNL relativa a continuidade da actividade de construción e reparación naval na concesión portuaria dos estaleiros “San Enrique” de Vigo (antigo Vulcano). **Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.** PNL.

90. PNL sobre a realidade plurilingüe e a igualdade lingüística. *Conxunto co Grupo Confederal, Grupo EH Bildu, Grupo Republicano, Grupo Vasco (EAJ-PNV), Junts, CUP, PdeCat.* PNL.
91. PNL relativa a regularización urxente, permanente e sen condicións de todas as persoas migrantes residentes no Estado español. *Conxunto co Grupo Confederal, Grupo Republicano, Grupo EH Bildu, Junts, Más País, CUP.* PNL.
92. PNL sobre a represión lingüística e cultural. **Comisión de Constitucional.** *Conxunta con EH Bildu, Grupo Republicano, Junts, CUP, PdeCat.*
93. PNL sobre a rebaixa do IVE 4% aos produtos pesqueiros. **Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación.**
94. PNL sobre o dique norte de Morás e a creación dunha Autoridade portuaria en San Cibrao (Lugo). **Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.**
95. PNL sobre as medidas que contempla o Regulamento Europeo de Pesca e a súa afectación a flota artesanal de Galiza. **Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación.**
96. PNL para a exención dos dereitos de propiedade intelectual nas vacinas da COVID e o cambio da súa política de adquisición. **Comisión de Sanidade e Consumo.**
97. PNL sobre os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade na factura eléctrica. **Comisión de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.**
98. PNL relativa a modificación do Real Decreto 1971/1999, de 23 de decembro, para recoñecer ás enfermidades neurodexenerativas un grao de discapacidade mínimo de 33% e á creación dun novo tipo de discapacidade baseada na tipoloxía destas enfermidades. **Debate en pleno.** PNL.
99. PNL relativa á blindaxe das zonas con menos afectación pola COVID-19 e as medidas urxentes que debe impulsar o Goberno en relación con Galiza. **Debate en pleno.** PNL.

100. PNL sobre a desclasificación de información do Golpe de Estado do 23F. **Debate en pleno.** *Conxunta con Grupo Republicano, EH Bildu, Junts, CUP, PdeCat.* PNL.
101. PNL relativa a regularización urxente, permanente e sen condicións de todas as persoas migrantes residentes no Estado español. **Debate en pleno.** *Conxunto co Grupo Confederal, Grupo Republicano, Grupo EH Bildu, Junts, Más País, CUP.* PNL.
102. PNL sobre a realidade plurilingüe e igualdade lingüística. **Debate en pleno.** *Conxunta con EH Bildu, Grupo Confederal, Republicano, Vasco, Junts, CUP, PdeCat.* PNL.

PREGUNTAS DO BNG AO GOBERNO DO ESTADO

Listaxe de preguntas realizadas polo BNG

1. Pregunta sobre a cantidade que percibirá SASEMAR polos servizos prestados en relación co accidente do buque “Blue Star”.
2. Pregunta sobre a compensación económica ao sector pesqueiro e marisqueiro afectado polas perdas ocasionadas polo accidente do “Blue Star”.
3. Pregunta sobre o encallamento do buque tanque coa bandeira de Malta “Blue Star” na costa de Ares, A Coruña, o día 22/11/2019.
4. Pregunta sobre as previsións acerca da AP-9.
5. Pregunta sobre o plan existente da Administración marítima para albergar na ría de Ares, A Coruña, o buque quimiqueiro “Blue Star” .
6. Pregunta sobre os motivos polos que o Goberno non condenou o ataque que acabou coa vida de Qasem Suleimani, que vulnerou a soberanía de Iraq e o dereito internacional.
7. Pregunta sobre a opinión do Goberno acerca da prioridade do mantemento da actividade económica e dos postos de traballo, en relación coa crise industrial no eido da industria electrointensiva.

8. Pregunta sobre a valoración da aprobación do Real Decreto-lei 14/2019, de 31 de outubro, polo que se adoptan medida urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital.
9. Pregunta sobre a situación en que se atopa a estrutura que sostén a liña ferroviaria Ferrol-Betanzos ao seu paso polo Concello de Cabanas, así como as medidas previstas de control sobre o talud que pode provocar novos correntamentos de terra.
10. Pregunta sobre as medidas previstas para garantir a posibilidade de realizar calquera trámite ante a Administración Xeral do Estado en galego, así como as previsións sobre pór formularios e/ou impresos a disposición da cidadanía en lingua galega.
11. Pregunta sobre a crise política e social que está sufrindo o pobo de Bolivia e a posición do Goberno do Estado ao respecto.
12. Pregunta sobre as previsións acerca de modificar a estrutura territorial de Correos, así como de trasladar a sede da Zona 1ª e Telégrafos fora da Galiza.
13. Pregunta sobre implicación do Goberno para resolver a crise do sector naval da ría de Vigo.
14. Pregunta sobre as medidas para garantir o coñecemento e uso das linguas oficiais, especialmente do galego.
15. Pregunta sobre o esclarecemento das causas do accidente do tren Alvia 04155 na curva de A Grandeira-Angrois o 24/07/2013.
16. Pregunta sobre a corrección da páxina web de MUFACE para que aparezan na súa forma oficial os topónimos galegos.
17. Pregunta sobre as actuacións previstas de reparación da N-550 no tramo que transita polo municipio de Padrón.
18. Pregunta sobre as medidas previstas para eliminar a actitude cara as Administracións públicas galegas que deben remitir toda a documentación en español se queren recibir axudas dalgún tipo.
19. Pregunta sobre as previsións acesca da Orde de Servizo 6/2016 de 10 de agosto do Subdirector Xeral de Tratamento e Xestión Penitenciaria sobre “Medidas de seguridade específicas para o control do interno”.

- 20.** Pregunta sobre a atención os cidadás do Estado español residentes en China ante o brote de coronavirus detectado na provincia de Wuhan de dito país.
- 21.** Pregunta sobre as previsións acerca de convocar a Mesa de traballo sobre ENDESA/As Pontes para iniciar as actuacións conducentes á firma do Convenio de Transición Xusta para As Pontes.
- 22.** Pregunta sobre as previsións acerca de dar cumprimento á reclamación que realiza a Xunta de Galiza sobre os 370 millóns que se lle endebedan, 200 millóns do IVE correspondente ao ano 2017 e 170 millóns dos incentivos.
- 23.** Pregunta sobre os motivos da repentina solicitude de personación da Avogacía do Estado a causa contra Audasa pola tarifas indebidamente cobradas os usuarios durante as obras realizadas en Rande.
- 24.** Pregunta sobre as previsións acerca de realizar as xestións necesarias para que o buque Blue Star sexa reparado integramente nas instalación de Navantia na ría de Ferrol.
- 25.** Pregunta sobre razón pola que ADIF formula novas exixencias para a firma do Convenio coa Xunta de Galiza e o Concello da Coruña para a Estación Intermodal.
- 26.** Pregunta sobre o coñecemento que ten a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar da grave e urxente situación en que se atopa a lago de Baldaio e todo o seu entorno.
- 27.** Pregunta conxunta con EHBildu, Junts, Compromís, CUP, MásPaís e PNV sobre a querela arxentina contra os crimes do franquismo.
- 28.** Pregunta sobre as previsións que se teñen sobre o proxecto da Variante da N-640 ao seu paso pola localidade da Estrada.
- 29.** Pregunta sobre a situación da liña de ferrocarril Ferrol-Ribadeo e as inversións para póla en condicións de calidade e seguridade, así como as previsións de transferencia a Xunta de Galiza.
- 30.** Pregunta sobre as xestións previstas para o esclarecemento dos feitos que rodearon a morte de Diego Bello en Filipinas.

- 31.** Pregunta sobre a venda polo Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa (INVIED) de dous solares da Maestranza (Campo da Estrada) á promotora vasca Gesarqus.
- 32.** Pregunta relativa a solicitude de informe a Dirección Xeral da Costa e o Mar recadando o historial de vertidos para os sedimentos.
- 33.** Pregunta sobre o grao de execución orzamentaria durante o período 2015-2018 das partidas dos OXE destinadas á Galiza, porcentaxe do orzamento que se deixou de executar segundo os datos que figuran na Intervención Xeral do Estado, así como o porcentaxe orzamentario executado en dito período.
- 34.** Pregunta sobre a opinión do Goberno en relación coa chamada “Operación Jaro”, así como os motivos polos que a Fiscalía do Estado variou a súa posición sobre dito asunto.
- 35.** Pregunta sobre as previsións de reparación da vía entre A Pereira e Faro Toruiñán, así como medidas previstas para a seguranza das persoas usuarias e para mellorar o entorno do Faro.
- 36.** Pregunta sobre a situación da oficina do Instituto Social da Mariña situado na Guarda.
- 37.** Pregunta sobre o Consello das Linguas Oficiais na Administración Xeral do Estado e a Oficina para as Linguas Oficiais.
- 38.** Pregunta sobre as actuacións que contempla a redacción do proxecto contratado polo Concello de Ponteareas para a N-120 o seu paso polas parroquias de Xinzo, Areas e Arnoso e comezo da redacción do proxecto de obra para a variante de Ponteareas, así como previsión sobre a inclusión nos OXE para o ano 2020 e seguintes partidas necesarias para a adecuada execución das obras e mellora.
- 39.** Pregunta sobre a investigación da procedencia da macha oleosa aparecida na costa da Galiza que está afectando ás aves da zona, así como medidas de actuación para evitar que afecte a cadea alimentaria e recoller e tratar as aves afectadas.
- 40.** Pregunta sobre a situación da liña ferroviaria Vigo-Bilbao.

- 41.** Pregunta sobre a continuidade da actividade de construción e reparación naval nas instalacións do estaleiro Vulcano en Vigo.
- 42.** Pregunta sobre a concesión administrativa do Paseo Marítimo de Bouzas en favor do Concello de Vigo.
- 43.** Pregunta sobre a situación en que se atopan os estudantes de Erasmus en Italia debido ao brote de coronavirus, así como o motivo polo que as Embaixadas e os Consulados españois en Italia non están prestando auxilio a ditas persoas.
- 44.** Pregunta sobre as medidas para garantir e evitar que os traballadores sufran as consecuencias negativas da crise do coronavirus cunha diminución dos seus dereitos laborais.
- 45.** Pregunta sobre investigación dos vertidos de orixe descoñecida producidos na costa galega, así como medidas para evitar que catástrofes ecolóxicas como as descritas se volvan producir.
- 46.** Pregunta sobre o uso das instalacións do antigo Hospital Naval da Escola Naval Militar de Marín.
- 47.** Pregunta sobre a reanudación dos trámites administrativos na contratación pública.
- 48.** Pregunta sobre o coñecemento que ten AENA da redución de persoal de limpeza no aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela que incumpre as instrucións do Goberno sobre a intensificación das labores de desinfección dentro da crise da COVID-19.
- 49.** Pregunta sobre as previsións inmediatas acerca de subministrar test a todos os centros penitenciarios para poder detectar casos de coronavirus, incluso os asintomáticos, de todo o persoal que entra e sae das instalacións, así como a incidencia de casos de contaxio e falecemento por COVID-19.
- 50.** Pregunta sobre as previsións da modificación da Orde Ministerial AAA/2534/2015 de 17 de novembro pola que se dita un Plan de Xestión para o Cantábrico Noroeste, permitindo que se introduzan criterios socioeconómicos no reparto da cota de cabala dentro do Estado, así

como o número de sancións impostas a buques de pesca na campaña da cabala no período 2013-2016.

- 51.** Pregunta sobre a constancia da situación en que se atopan os tripulantes da mariña mercante que se ven imposibilitados a desembarcar despois de máis de seis meses en alto mar, medidas para que poidan practicar os desembarcos e substitucións precisas.
- 52.** Pregunta sobre a documentación relativa ao acceso de axudas destinadas a autónomos como consecuencia da COVID-19.
- 53.** Pregunta sobre a autorización do uso de test da COVID-19 por empresas privadas.
- 54.** Preguntas sobre a especial atención da Inspección de Traballo e Seguranza Social na tramitación de ERE e ERTE.
- 55.** Pregunta sobre a redución do servizo de limpeza nos aeroportos de Santiago e A Coruña.
- 56.** Pregunta sobre a financiación polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Santiago de Compostela.
- 57.** Pregunta sobre as previsións do Ministerio de Educación e Formación Profesional dalgunha adaptación na convocatoria de becas do próximo curso como consecuencia do estado de alarma pola COVID-19, así como medidas previstas para evitar discriminacións respecto dos alumnos que no momento da convocatoria 2020/2021 non obtiveran cualificación en materias do curso anterior.
- 58.** Pregunta sobre o incumprimento do estado de alarma pola alcaldesa de Vilariño de Conso.
- 59.** Pregunta sobre investigación de actividades corruptas da Casa Real.
- 60.** Pregunta sobre o mantemento das axudas ao pequeno comercio do sector turístico.
- 61.** Pregunta sobre a condena do ataque a soberanía de Venezuela.
- 62.** Pregunta sobre a valoración da medida anunciada pola multinacional Alcoa SanCibrao de non rebrascar as cubas e das consecuencias que isto pode ter na produción, nos postos de traballo e na economía de toda a

- comarca e previsións de intervención e intermediación para evitar que a empresa retire esas cubas da liña de produción.
- 63.** Pregunta sobre a venda de Alu Ibérica da Coruña.
- 64.** Pregunta sobre a repatriación de cidadáns e cidadás atrapadas no estranxeiro.
- 65.** Pregunta sobre o respecto dos dereitos laborais e de seguridade nas obras do AVE.
- 66.** Pregunta sobre a condena do ataque á soberanía nacional de Venezuela.
- 67.** Pregunta sobre a retirada do recoñecemento como Presidente Responsábel de Venezuela a Juan Guaidó.
- 68.** Pregunta sobre a atención das demandas do sector pesqueiro galego ante a crise do coronavirus.
- 69.** Pregunta sobre o desprazamento dos estudantes universitarios durante o estado de alarma.
- 70.** Pregunta sobre a situación no estaleiro Vulcano e no conxunto do sector naval en Vigo.
- 71.** Pregunta sobre concesións para o aproveitamento hidroeléctrico no ámbito territorial das Confederacións Hidrográficas do Miño-Sil, do Cantábrico e do Douro, situadas na Galiza , así como das que superaron a concesión.
- 72.** Pregunta sobre a normalización lingüística na Administración Xeral do Estado.
- 73.** Pregunta sobre o militar expulsado por asinar un manifesto antifranquista.
- 74.** Pregunta sobre a acumulación de oposicións.
- 75.** Pregunta sobre a opinión do Goberno en torno a liña política expresada na Orde de servizo 21/2020 pola que se considera que é función da Garda Civil vixiar e controlar as posíbeis protestas sociais que se realicen como consecuencia das decisións adoptadas para o control da pandemia da COVID-19.

- 76.** Pregunta sobre a tramitación do procedemento de contratación das obras para o soterramento da AC-12 no cruce de Sol e Mar por parte do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- 77.** Pregunta sobre parques eólicos da Galiza.
- 78.** Pregunta sobre as previsións en torno a redución do IVE aplicábel as máscaras e outros métodos de protección de uso obrigatorio entre a poboación ao cero por cento.
- 79.** Pregunta sobre os retrasos na tramitación dos expedientes de ERTE polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE).
- 80.** Pregunta sobre a suspensión da conexión mediante tren hotel entre A Coruña, Pontevedra e Vigo e as cidades de Madrid e Barcelona.
- 81.** Pregunta sobre a situación actual do cargadeiro de Rande, proxecto previsto pola Autoridade Portuaria de Vigo para dita estrutura e previsións para a preservación do cargadeiro e a súa restauración como Ben de Interese Cultural.
- 82.** Pregunta sobre a rectificación da Ministra de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación do seu posicionamento público contrario ao recoñecemento da República Árabe Saharaui democrática (RASD) e recoñecemento oficial como Estado soberano, así como previsións en torno ao establecemento de relación bilaterais.
- 83.** Pregunta sobre a realización dun censo dos mariñeiros que precisan axuda para poder volver o Estado español ou ben desprazarse para poder realizar o embarque e garantir o seu medio básico de subsistencia.
- 84.** Pregunta sobre a data en que estará operativo o estatuto do Consumidor Electointensivo que permita que factorías como Alcoa San Cibrao poidan manter a súa actividade produtiva, previsións sobre a tarifa eléctrica galega para resarcir a Galiza dos custos de produción e fixación doutras sesións da mesa multilateral sobre Alcoa.
- 85.** Pregunta sobre os desprazamentos de turistas a costa galega.
- 86.** Pregunta sobre medidas previstas para o voto do Censo Electoral de Residentes Ausentes (CERA) e Electores españois residentes en España

que se atopen temporalmente no estranxeiro (ERTA) nas Eleccións ao Parlamento de Galiza en Embaixadas e Consulados.

- 87.** Preguntas sobre as previsión do Goberno de seguir as recomendacións da Avogacía do Estado e declarar a nulidade da prórroga a ENCE.
- 88.** Pregunta sobre o Estado actual do proxecto de dragado da ría do Burgo.
- 89.** Pregunta sobre a reforma do túnel de Ramón Puga na cidade de Ourense.
- 90.** Pregunta sobre a apertura de expediente sancionador a alcaldesa de Vilariño de Conso.
- 91.** Pregunta sobre o cambio nos criterios de reparto do 0,7% do IRPF.
- 92.** Pregunta sobre o reparto dos fondos recadados no IRPF e que dotan ás entidades sen fin de lucro da Galiza.
- 93.** Pregunta sobre a asunción polo Goberno da liña argumental expresada polo Vicepresidenta Primeira do Goberno e Ministra da Presidencia, Relación coas Cortes e Memoria Democrática e o Ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana en relación coas persoas transexuais.
- 94.** Pregunta sobre a cota da sardiña para a flota do xeito.
- 95.** Pregunta sobre a sardiña na flota do cerco galega.
- 96.** Pregunta sobre o acceso a premios de teses doutorais sobre violencia de xénero noutras linguas oficiais.
- 97.** Pregunta sobre as previsións en torno a aumentar a cota de capturas de sardiña até as 34.400 toneladas, así como de eliminar a cota de capturas de sardiña para a frota do xeito.
- 98.** Pregunta sobre as actuacións do proxecto "Vial de Conexión AC-14/AP-9 entre Lana autovía AC-14 (Enlace de Zapateira) e a autoestrada AP-9.
- 99.** Pregunta sobre as previsións de dar cumprimento á reclamación da Xunta de Galiza sobre os 370 millóns que se lle deben e sobre a reforma do sistema de financiamento autonómico.
- 100.** Pregunta sobre a dotación de helicóptero a Brigada de Reforzo de Incendios Forestais de Laza.
- 101.** Pregunta sobre situación dos mariñeiros galegos illados por COVID-19 nas Sychelles.

- 102.** Pregunta sobre as actuacións policiais acontecidas o día 27/06/2020 na cidade da Coruña en relación co anuncio da realización dun acto electoral de VOX.
- 103.** Pregunta sobre a presenza de Leopoldo López na Embaixada española en Caracas.
- 104.** Pregunta sobre os motivos polos que a Ministra de Asuntos Exteriores non asinou o comunicado dirixido ao Alto representante da Unión Europea en que se solicitaba unha actuación decidida por parte da UE no conflito para evitar que se leve a cabo a anexión dos territorios palestinos ocupados de Cixordania por parte de Israel.
- 105.** Pregunta sobre os casos positivos por COVID-19 no partido de fútbol entre o Deportivo da Coruña e o Club de Fútbol Fuenlabrada.
- 106.** Pregunta sobre a selección de persoal na empresa pública Navantia para titulados universitarios.
- 107.** Pregunta sobre a revisión da sinalización da carreteira N-VI ao seu paso por Bergondo.
- 108.** Pregunta sobre a discriminación lingüística na entidade pública ENAIRE.
- 109.** Pregunta sobre a recuperación de liñas e frecuencias ferroviarias na Galiza.
- 110.** Pregunta sobre a dispoñibilidade de terreos no dragado da ría do Burgo.
- 111.** Pregunta sobre a previsión do Goberno de fixar unha data alternativa a persoas que teñen que estar illadas durante o exame MIR do 27 de marzo.
- 112.** Pregunta sobre a data prevista por Renfe para reactivar a totalidade das frecuencias da liña FEVE que conecta as comarcas do norte da Galiza, volvendo a situación anterior á declaración do estado de alarma.
- 113.** Pregunta sobre as previsións para asumir a recomendación do Comité de Dereitos do Neno sobre o cumprimento da Convención sobre os Dereitos do Neno da Organización das Nacións Unidas de febreiro de 2018, en relación coa presenza de persoas menores de idade en

espectáculos de tauromaquia, así como audiencia do magazine “Tendido cero” no ano 2019 e o custo da súa produción e emisión.

- 114.** Pregunta sobre as melloras da estrada N-634 para facilitar a circulación pola mesma dado que é a única alternativa para o tránsito cando debe fecharse a autovía A-8 debido as condicións de densa néboa que impiden o tráfico rodado.
- 115.** Pregunta sobre a instalación de barreiras acústicas no tramo da autoestrada AP-9 na súa entrada e paso pola cidade de Vigo, desde Torres de Padín e no centro.
- 116.** Pregunta sobre proxectos de ampliación da superficie do porto de Vigo a través da práctica de novos recheos nos ámbitos de Bouzas, Areal e O Berbés da franxa costeira da cidade de Vigo.
- 117.** Pregunta sobre os excesos policiais en Santiago de Compostela o 25/07/2020 no Día da Patria Galega.
- 118.** Pregunta sobre a investigación da decisión de ADIF de lanzar ao ría Sil dos vagóns do tren de mercadorías descarrilado que circulaba pola liña Monforte-Ponferrada o día 28/07/2020.
- 119.** Pregunta sobre as previsións para modificar o Real Decreto 27/2020, de 4 de agosto, para incluír ao persoal de Axuda no Fogar e que as enfermidades derivadas do contaxio da COVID-19 teñan a consideración como continxencia profesional dun accidente de traballo, así como as medidas previstas para recoñecer a dito persoal os mesmos dereitos que o persoal sanitario e sociosanitario.
- 120.** Pregunta sobre a proba do custo de produción para a venda de produtos agropecuarios.
- 121.** Pregunta sobre a anulación do xuízo militar en que se condena a morte a Alexandre Bóveda.
- 122.** Pregunta sobre as previsións para poñer a disposición da cidadanía de forma inmediata unha actualización da aplicación RadarCOVID que permita aos usuarios e usuarias acceder a mesma na lingua oficial da súa elección e concretamente en galego.

- 123.** Pregunta sobre o motivo da urxencia nas actuacións policiais practicadas en relación co capitán do Club Deportivo, Álex Bergantiños, que fixo que a maquinaria de investigación policial se puxese en marcha antes incluso de que a denuncia fose asinada e presentada en Comisaría.
- 124.** Pregunta sobre a participación de menores en actividades de caza.
- 125.** Pregunta sobre os vertidos de áridos de obra na ría do Burgo.
- 126.** Pregunta sobre a cobertura da vacante da praza do persoal médico do Centro de Sanidade marítima Local de Corcubión.
- 127.** Pregunta sobre a capacidade de acceso de evacuación de Meirama e As Pontes.
- 128.** Pregunta sobre as previsións para prohibir a aplicación de comisións bancarias polas entidades financeiras a todos os seus usuarios e usuarias.
- 129.** Pregunta sobre o gastos de desprazamento para a asistencia a cursos do Instituto Social da Mariña.
- 130.** Pregunta sobre a fusión de Bankia e Caixabank.
- 131.** Pregunta sobre as previsións para revisar a sinalización xeral das marxes da N-VI ao seu paso polos núcleos de Queirís, Coriós e Os Chas.
- 132.** Pregunta sobre as multas impostas a CIG pola presenza de varios participantes en diversas concentración convocadas durante o estado de alarma.
- 133.** Preguntas sobre a necesidade de facer un curso de formación para a renovación dos certificados de suficiencia polos traballadores do mar, ofertados por empresas privadas, e a cargos dos mariñeiros.
- 134.** Pregunta sobre a satisfacción das demandas das plataformas de emigrantes retornados galegos en relación coa tributación das súas pensións e, particularmente, respecto dos prexuízos ocasionados en situacións de invalidez.
- 135.** Preguntas sobre as medidas ante a redución de servizos na liña Ferrol-Ribadeo debida á restrición de movementos durante o estado de alarma, así como para corrixir as deficiencias estruturais de dita liña.
- 136.** Pregunta sobre a comercialización do marraxo dientuso.

- 137.** Pregunta sobre a aportación do Goberno para o desenvolvemento da obra da EDAR de Santiago de Compostela, así como as previsións acerca de repercutir os fondos europeos a través da tarifa aos usuarios e usuarias.
- 138.** Pregunta sobre as previsións de manter unha estratexia propia de compra de vacinas da COVID-19 a marxe da estratexia da Unión Europea.
- 139.** Pregunta sobre a rectificación por parte do Goberno da liña de Avant Ourense-A Coruña suprimida, así como das melloras necesarias no servizo.
- 140.** Pregunta sobre a actividade diplomática realizada desde novembro de 2019 polo Goberno de Noruega en relación coa situación en que se atopan aquelas persoas que traballaron en barcos noruegueses e non perciben pensións do Sistema de Seguridade Social de dito país.
- 141.** Pregunta sobre as compensacións económicas a mariscadores e mariscadoras durante o dragado da ría do Burgo.
- 142.** Pregunta sobre o mantemento do servizo de venda de billetes nas estacións de tren da comarca de Valdeorras.
- 143.** Pregunta sobre o Hórreo e o Cruceiro do aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.
- 144.** Pregunta sobre os recortes orzamentarios acordados en 2012 na partida da seguridade para a vixilancia da torre de control do aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.
- 145.** Pregunta sobre a visita de varias deputadas o aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.
- 146.** Pregunta sobre o servizo de limpeza do aeroporto Rosalía de castro de Santiago de Compostela.
- 147.** Pregunta sobre a nova EDAR do aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.
- 148.** Pregunta sobre o emprego da antiga terminal do aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.
- 149.** Pregunta sobre a cantina do aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.

- 150.** Pregunta sobre a desaparición dun tractor nas instalacións do aeroporto Rosalía de Castro en Santiago de Compostela.
- 151.** Pregunta sobre o servizo sanitario do aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.
- 152.** Pregunta sobre o requirimento realizado pola Inspección de Traballa a Entidade Pública Empresarial ENAIRE para que as comunicacións dos traballadores dos centros empresariais situados na Galiza poidan realizarse en galego, así como os motivos polos que a empresa recorreu a acta da Inspección de Traballo.
- 153.** Pregunta sobre a conciencia que ten o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana de que a supresión do tránsito rodado de vehículos sobre os pasos elevados de Xorxa e Trapa suporían incomunicar ámbitos poboados do barrio de Teis, que serían inaccesíbeis inclusive para os servizos de emerxencia.
- 154.** Pregunta sobre a constancia que ten o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana dalgunha actuación de mantemento por parte da empresa concesionaria da autopista AP-9 nos pasos elevados dos camiños de Xorxa e Trapa no barrio de Teis (Vigo).
- 155.** Pregunta sobre o proxecto de adecuación da fachada marítima de Noia.
- 156.** Pregunta sobre o motivo polo que non acudiu unha patrulla da Garda Civil cando foi requirida o día 20(08/2020 por varios veciños da Ría A Ferrala, en Oleiros, que denunciaron os disparos realizados desde a mesma beirarrúa por parte de cazadores.
- 157.** Previsións do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana de promover as melloras e adecuacións necesarias que permitan o tránsito seguro de vehículos e persoas polos pasos elevados no barrio de Teis.
- 158.** Pregunta sobre as previsións para establecer exames psicotécnicos e teóricos máis exhaustivos que valoren adecuadamente as capacidades psicomotrices e os coñecementos dos que soliciten licenza de armas por primeira vez como dos que solicitan a renovación.

- 159.** Pregunta sobre a realización, por parte do Concello de Vigo, dalgunha xestión co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana en relación a mellora e o mantemento dos pasos elevados de Teis, tento para o tránsito rodado como peonil.
- 160.** Pregunta sobre as previsións de solicitar a execución provisional da sentenza do Xulgado de Primeira Instancia nº1 da Coruña que estableceu que o Pazo de Meirás forma parte do patrimonio público, así como de transferilo a Xunta de Galiza e o patrimonio galego unha vez a sentenza sexa firme.
- 161.** Pregunta sobre as actuacións para a recuperación medioambiental da ría de Ferrol.
- 162.** Contestación as alegacións presentadas pola Xunta de Galiza ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico no ano 2019 respecto do borrador do programa nacional de Control da Contaminación Atmosférica que obrigaba ao sector vacún de leite a reducir as emisión nun 45%.
- 163.** Pregunta sobre a incidencia do proxecto do Real Decreto polo que se establecen normas para que a nutrición sostíbel dos solos agrarios, para evitar a ruína do sector gandeiro de vacún de leite e carne na Galiza.
- 164.** Pregunta sobre as previsións para revisar o borrador do Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostíbel dos solos agrarios para evitar a ruína do sector gandeiro de vacún de leite e carne na Galiza.
- 165.** Pregunta sobre o número de explotación galegas que contan cos apeiros de baixa emisión de amoníaco e das que non os teñen, así como o desembolso económico que terán que realizar os gandeiros para cumprir co proxecto do Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostíbel dos solos agrarios se chega a entrar en vigor.
- 166.** Pregunta sobre o proxecto do Real Decreto sobre nutrición de solos agrarios.

- 167.** Pregunta sobre a situación en que se atopa o enlace da autoestrada AP-53 (A Bandeira, Chapa) situado na parroquia de Lamela, no Concello de Silleda.
- 168.** Pregunta sobre a cesión de terreos do Observatorio Meteorolóxico localizados no barrio de Agra de Orzán (A Coruña).
- 169.** Pregunta sobre o informe da Comisión de dereitos Humanos de Filipinas na investigación da morte de Diego Bello.
- 170.** Pregunta sobre a prórroga da vixencia da ITV en vehículos agrícolas.
- 171.** Pregunta sobre o proceso de licitación aberto pola Tesourería Xeral da Seguranza Social para externalizar un servizo de “consultaría estratéxica” na loita contra o fraude a Seguranza Social.
- 172.** Pregunta sobre a reforma da normativa para a rexeneración de terreos afectados por actividades mineiras.
- 173.** Pregunta sobre as previsións para recoñecer o dereito a aplicación dos coeficientes redutores do real Decreto 2366/1984 ás persoas traballadoras das empresas de extracción e transformación da pedra.
- 174.** Pregunta sobre as previsións para recoñecer a situación de incapacidade total das persoas traballadoras diagnosticadas de silicose de primeiro grao que non poden acceder a outro posto de traballo exento de risco de exposición a inhalación de polvo silicótico dentro da mesma empresa.
- 175.** Pregunta sobre as previsións de estender ao subsector de transformación de mineral a asignación de coeficientes redutores para a idade de xubilación.
- 176.** Pregunta sobre a revisión dos coeficientes redutores asignados para equiparar minaría exterior e interior regulada no RD 2366/1984 sobre redución da idade de xubilación de determinados grupos profesionais.
- 177.** Pregunta sobre as previsións para asignar dentro do sistema da seguranza Social un código identificador das empresas que desenvolvan a súa actividade no sector da extracción e transformación da pedra.

- 178.** Pregunta sobre a fixación dun calendario para a intervención pública de Alcoa.
- 179.** Pregunta sobre o feche das oficinas de estranxeiría.
- 180.** Pregunta sobre a conexión de alta velocidade con Portugal.
- 181.** Pregunta sobre o estado das negociacións e o establecemento dun calendario para a intervención pública de Alcoa.
- 182.** Pregunta sobre os medios necesarios para garantir a medida cautelares de realización de inventario do Pazo de Meirás.
- 183.** Pregunta sobre as actuacións previstas polo Goberno ante o ataque de forzas militares marroquís contra civís saharauís desarmados o día 13/11/2020, violando o alto vixente.
- 184.** Pregunta sobre a opinión do Goberno en torno a non prioridade da inversión no Corredor Atlántico a pesar do déficit de infraestruturas existentes na Galiza e a débeda histórica en inversións reais por parte do Estado.
- 185.** Pregunta sobre as previsións para que o Goberno rectifique e inclúa no texto da Autorización da ratificación da Carta Social Europea revisada, feita en Estrasburgo o 3 de maio de 1996, a Declaración pola que acepta a supervisión das súas obrigas en virtude da presente Carta segundo o procedemento que figura no Protocolo Adicional á Carta Social Europea en que se establece un sistema de reclamacións colectivas, aberto a firma en Estrasburgo o 9 de novembro de 1995.
- 186.** Pregunta sobre a discriminación lingüística no centro de traballo de ENAIRE en Santiago de Compostela.
- 187.** Pregunta sobre as manifestacións públicas de altos mandos do Exército.
- 188.** Pregunta sobre o informe medioambiental do proxecto de delimitación de espazos e Usos do Porto de Vigo.
- 189.** Pregunta sobre os fondos públicos estatais europeos empregados na captura o sacrificio de visóns americanos fugados ou xa establecidos no período 2009-2019, así como granxas galegas que realizaron test de

COVID-19 en animais e traballadores e detalle e efectividade do protocolo de bioseguridade en granxas peleteiras.

- 190.** Pregunta sobre os mecanismos de poxa específicos para enerxías renovábeis nos territorios denominados de transición xusta e especialmente na Galiza.
- 191.** Pregunta sobre as sancións a embarcacións que non levan a bandeira española na Galiza.
- 192.** Preguntas sobre as medidas ante a posibilidade de que o barco ruso Sevmorput estragado en augas do Atlántico se aproxime á costa da Galiza.
- 193.** Pregunta sobre a construción dun túnel entre a rúa Elduayen e Policarpo Sanz, para o soterramento do tráfico rodado dentro do proxecto de humanización da Porta do Sol, da cidade de Vigo.
- 194.** Pregunta sobre o proxecto de ampliación, mediante recheo, da superficie portuaria no Berbés (Vigo).
- 195.** Pregunta sobre as cotas de pesca para a flota dos países comunitarios en augas territoriais do Reino Unido tras a súa separación da Unión Europea e redución de ditas cotas para a frota galega.
- 196.** Pregunta sobre axudas ao carbón na Galiza.
- 197.** Pregunta sobre a difusión a través das Redes Sociais dun boletín da Subdirección da Escola de Especialidades da Estación Naval da Graña, en que se lembraba o afundimento do submarino C5 da “escuadra roja” en 1937.
- 198.** Pregunta sobre a aplicación da bonificación das portaxes da autoestrada da AP9.
- 199.** Pregunta sobre a declaración como Ben de Interese Cultural da ponte de Cruzul polo Ministerio de Cultura e Deporte.
- 200.** Pregunta sobre a presenza de menores en actividades de caza.
- 201.** Pregunta sobre as sancións abusivas da Garda Civil á frota pesqueira galega.
- 202.** Pregunta sobre a retribución do persoal que asiste o rei hemérito Juan carlos por Patrimonio Nacional.

- 203.** Pregunta sobre adquisición do Muíño das Aceas para a súa recuperación e posta en valor, así como actuación previstas para incorporalo ao Dominio Público Marítimo Terrestre.
- 204.** Pregunta sobre o feche de SIEMENS-GAMESA en As Somozas.
- 205.** Pregunta sobre o anuncio do feche definitivo da planta de ENDESA nas Pontes.
- 206.** Pregunta sobre a retirada da iniciativa de ampliación da Rede natura 2000 emprendida no ano 2011 que fai referencia o documento do Marco de Acción Prioritaria (MAP) da Galiza para o período 2021-2027.
- 207.** Pregunta sobre a intervención pública na planta de Alu Ibérica da Coruña.
- 208.** Pregunta sobre a comercialización do marraxo dientuso.
- 209.** Pregunta sobre a rebaixa do IVE nos salóns de peiteado e barberías.
- 210.** Pregunta sobre a realización de test COVID-19 en granxas de visóns na Galiza.
- 211.** Pregunta sobre a tramitación de sancións penais pola Garda Civil por capturas de cigala.
- 212.** Pregunta sobre a adquisición de vacinas contra a COVID-19 polo Estado español.
- 213.** Pregunta sobre a legalidade da división do contrato de servizo de mantemento realizada pola dirección de Navantia Ferrol.
- 214.** Pregunta sobre a situación da praia de Laxe por acumulación de area.
- 215.** Pregunta sobre a fase en que se atopa as xestións para a cesión a Consellería de Educación da Xunta de Galiza os terreos e instalacións do denominado “Colexio Vello de Celeiro” no Concello de Viveiro.
- 216.** Pregunta sobre as compensacións económicas a mariscadoras e mariscadores durante o dragado da ría do Burgo.
- 217.** Pregunta sobre a iluminación dos accesos as autoestradas de Lugo.
- 218.** Pregunta sobre a cesión ao SERGAS do uso das instalacións do antigo hospital naval da Escola de Marín para o seu uso durante a

pandemia da COVID-19 en caso de saturación da área sanitaria de Pontevedra.

- 219.** Pregunta sobre a opinión do Goberno en torno a conducta do xeneral Villarroya o vacinarse saltándose os protocolos establecidos polo propio goberno, así como a concesión ao mesmo da Orde de San Hermenegildo.
- 220.** Pregunta sobre a posibilidade de contratación de mariñeiros de terceiros países na frota galega.
- 221.** Pregunta sobre a estación intermodal de Ourense.
- 222.** Pregunta sobre a situación dos mariñeiros illados no Venturer en Brasil debido a un brote de COVID-19.
- 223.** Pregunta sobre a participación das seleccións galegas en competicións oficiais.
- 224.** Pregunta sobre a seguranza e situación do persoal no aeroporto de Santiago de Compostela.
- 225.** Pregunta sobre as persoas reclusas ás que se lle están aplicando as limitacións previstas no artigo 75.2 do Regulamento Penitenciario para salvagardar a integridade física do recluso.
- 226.** Pregunta sobre as persoas ás que se lle aplica o artigo 10 da Lei Orgánica 1/1979 Xeral Penitenciaria que forman parte dun dos FIES (Ficheiro de Internos de Especial Seguimento).
- 227.** Pregunta sobre o tempo que levan en réxime de confinamento solitario as persoas preventivas pendentes de clasificación as que se lle aplica o artigo 10 da Lei Orgánica 1/1979 Xeral Penitenciaria.
- 228.** Pregunta sobre o número de persoas condenadas clasificadas en primeiro grao.
- 229.** Pregunta sobre as persoas condenadas que se atopan na modalidade do artigo 93 e en modelaidade do artigo 94 do Real Decreto 190/1996 polo que se aproba o Regulamento Penitenciario.
- 230.** Pregunta sobre o número de traslados que tiveron nos últimos dous anos as persoas clasificadas en primeiro grao ou coa aplicación do artigo 10 da Lei Orgánica 1/1979 Xeral Penitenciaria.

- 231.** Pregunta sobre os centros penitenciarios que ten persoas en primeiro grao ás que se lles aplica o artigo 10 da Lei Orgánica 1/1979 Xeral Penitenciaria.
- 232.** Pregunta sobre o número de prazas de cada centro penitenciario destinado ao réxime fechado.
- 233.** Pregunta sobre a entrega de copias de informes médicos as persoas ás que se lle aplica o artigo 10 da Lei Orgánica 1/1979 Xeral Penitenciaria así como a realización dun seguimento sobre o estado psicolóxico dos internos en réxime de confinamento solitario.
- 234.** Pregunta sobre o tempo que se tarda en saír do confinamento solitario unha vez que se aplica o artigo 75.2 do Regulamento Penitenciario.
- 235.** Pregunta sobre a entrega á persoa sancionada co illamento dunha copia do informe médico a que se refiren os artigos 44 da Lei Orgánica 1/1979 Xeral Penitenciaria e 254 do Regulamento Penitenciario.
- 236.** Pregunta sobre o número de persoas sancionadas con illamento ás que se lle aplicou a executividade inmediata.
- 237.** Pregunta sobre as persoas ás que se lle aplicou a suspensión da efectividade da sanción de illamento prevista no artigo 255 do Regulamento Penitenciario.
- 238.** Pregunta sobre o número de persoas que cumpriron o tempo total de sanción de illamento de máis de 14 días de duración ininterrompidamente e das que o cumpriron en máis dun período.
- 239.** Pregunta sobre o número de persoas as que se lle aplicou a sanción de illamento nos dous últimos ano, así como o tempo que estiveron en dita situación.
- 240.** Pregunta sobre as previsión para a convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias e negociar a transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9, así como do resto de competencias pendentes de transmisión.
- 241.** Pregunta sobre a conexión ferroviaria co porto exterior da Coruña en Punta Langosteira.

- 242.** Pregunta sobre a os obstáculos da presentación de denuncias en galego ante a Policía Nacional.
- 243.** Pregunta sobre a reclamación da Casa das Cunchas á familia Franco.
- 244.** Pregunta sobre a reforma dos contratos predoutorais para recoñecer o dereito a indemnización.
- 245.** Pregunta sobre o recurso a sentenza da Audiencia Provincial da Coruña en relación o Pazo de Meirás.
- 246.** Pregunta sobre a tramitación da folla de ruta para o desenvolvemento da eólica mariña e as enerxía do mar.
- 247.** Pregunta sobre a presenza policial nas concentracións de apoio a Pablo Hasél na Galiza.
- 248.** Pregunta sobre as inmatriculacións irregulares da Igrexa na Galiza.
- 249.** Pregunta sobre o informe de cumprimento da Carta Europea das Linguas na ensinanza na Galiza.
- 250.** Pregunta sobre a prohibición xeral de visitas nos centros penitenciarios.
- 251.** Pregunta sobre os criterios de reparto das vacinas destinadas a maiores de 80 anos.
- 252.** Pregunta sobre o proxecto de reposición e mellora viaria en Chapela. Autoestrada AP-9. Tramo: enlace Morrazo-Teis.
- 253.** Pregunta sobre a relación da Corporación de RTVE coa publicación “Jara y Sedal”, así como audiencia do programa do mesmo nome na Galiza.
- 254.** Pregunta sobre a Mesa do Libro e do Fomento da Lectura, así como a inclusión de escritores en lingua galega.
- 255.** Pregunta sobre os protocolos COVID-19 nos buques que faenan en alto mar.
- 256.** Pregunta sobre a asignación das obras do buque Galicia aos estaleiros da Ría de Ferrol.
- 257.** Pregunta sobre o levantamento das sancións impostas a Venezuela pola Unión Europea.

- 258.** Pregunta sobre o proxecto denominado “Parque eólico Prada de 170.5W TTMM; A Pobra de Trives, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, Larouco, O Barco de Valdeorras, Petín, San Xoán de Río (Ourense) e Quiroga (Lugo).
- 259.** Pregunta sobre a afectación o patrimonio natural e cultural do macroproxecto eólico Statkraft.
- 260.** Pregunta sobre a compensación aos territorios produtores e excedentarios de enerxía.
- 261.** Pregunta sobre o retorno social e laboral no macroproxecto eólico de Rebordechao, Barxas e Prada.
- 262.** Pregunta sobre a fragmentación fraudulenta do megaproxecto eólico en Rebordechao, Barxas e Prada.
- 263.** Pregunta sobre a data alternativa de exame para casos COVID nas probas para o acceso as prazas de formación sanitaria especializada do 27/03/2021.
- 264.** Pregunta sobre a participación de menores en actividades de caza.
- 265.** Pregunta sobre o número de persoas mortas ou feridas en actividades de caza.
- 266.** Pregunta sobre a vacinación das Infantas e o custo da súa seguridade para o Ministerio de Interior.
- 267.** Pregunta sobre as reformas exixidas pola Unión Europea para recibir os fondos de recuperación.
- 268.** Pregunta sobre as compensación económicas para o sector marisqueiro durante o dragado da Ría do Burgo.
- 269.** Pregunta sobre as manobras militares de Marrocos e EEUU en augas de Canarias.
- 270.** Pregunta sobre o calendario de actuacións ante o feche da Central Térmica de ENDESA nas Pontes.
- 271.** Pregunta sobre a dotación de novas infraestruturas en Navantia na Ría de Ferrol.
- 272.** Pregunta sobre a asignación de proxectos á fabrica de turbinas de Navantia na ría de Ferrol.

- 273.** Pregunta sobre a asignación de recursos á fábrica de turbinas en Navantia na ría de Ferrol.
- 274.** Pregunta sobre a eólica mariña flotante en Navantia na ría de Ferrol.
- 275.** Pregunta sobre a constitución dunha mesa galega para a diversificación en Navantia na Ría de Ferrol.
- 276.** Pregunta sobre a integración da Xunta de Galiza no Consello de Administración de Navantia.
- 277.** Pregunta sobre a tributación no IRPF das persoas con dous ou máis pagadores.
- 278.** Pregunta sobre a axenda da X Comisión Intergubernamental Rusia-España de Cooperación Económica e Industrial.
- 279.** Pregunta sobre o contido da axenda da X Comisión Intergubernamental Rusia-Estado Español de Cooperación Económica e Industrial, así como a posibilidade de fabricar e/ou comercializar no Estado español a vacina Gam-COVID-Vac (Sputnik V).
- 280.** Pregunta sobre a seguridade das instalacións de ENCE na ría de Pontevedra.
- 281.** Pregunta sobre o apoio do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Unión Europea a SOGAMA fronte a outros modelos de reciclaxe de residuos.
- 282.** Pregunta sobre as recomendacións da Comisión Europea na comercialización do marraxo dentuso.
- 283.** Pregunta sobre a retirada da simboloxía franquista nas dependencias do Colexio Salvador Moreno de Pontevedra.
- 284.** Pregunta sobre a situación actual e a titularidade da Casa Barroca de Combarro.
- 285.** Pregunta sobre a condonación ou compensación da débeda contraída pola Autoridade Portuaria da Coruña.
- 286.** Pregunta sobre a conexión ferroviaria co porto exterior da Coruña en Punta Langosteira.
- 287.** Pregunta sobre o baipass na conexión ferroviaria de Betanzos.

- 288.** Pregunta sobre a cesión de uso no caso do chamado “Colexio Vello” de Celeiro.
- 289.** Pregunta respecto do galego como lingua oficial no centro de traballo de Navantia na ría de Ferrol.
- 290.** Pregunta sobre o sistema CAPA (Capacidade das Probas de Aptitude) da Dirección Xeral de Tráfico.
- 291.** Pregunta sobre o respecto dos topónimos oficiais nas apps de xeolocalización.
- 292.** Pregunta sobre o servizo de Correos en Narón.
- 293.** Pregunta sobre o servizo de Correos en Novo Mesoiro (A Coruña).
- 294.** Pregunta sobre o novo surto de COVID-19 nunha granxa de visóns en Santiago de Compostela.
- 295.** Pregunta sobre a inclusión do Servizo de Vixilancia Aduaneira (SVA) no Grupo 6 da Estratexia de vacinación fronte a COVID-19.
- 296.** Pregunta sobre a concesión do edificio coñecido como “A Terraza” de Sada.
- 297.** Pregunta sobre os coeficientes redutores na xubilación do persoal do Servizo de Gardacostas da Galiza.
- 298.** Pregunta sobre o despregue militar español no Mar Negro.
- 299.** Pregunta sobre a atención ás persoas migrantes en Canarias.
- 300.** Pregunta sobre a situación dos presos políticos saharauís en Marrocos.
- 301.** Pregunta sobre a cobertura de banda larga en núcleos rurais en Viveiro.
- 302.** Pregunta sobre a presenza de Leopoldo López na Galiza.
- 303.** Pregunta sobre o Plan de Banda Larga en núcleos rurais.
- 304.** Pregunta sobre as obras no túnel do Folgoso na A-52.
- 305.** Pregunta sobre a continuidade da concesión portuaria dos estaleiros San Enrique de Vigo.
- 306.** Pregunta sobre as manobras militares do Estado español no mar Negro.

- 307.** Solicitud de informe á Administración do Estado, solicitando copia do expediente de expropiación do inmovible sito en Rúa A Rambla número 5, de Combarro, na que consta a documentación relativa aos trámites realizados para a expropiación, a anuencia da propietaria e a valoración económica do ben, así como copia do oficio de 1981 do Director Xeral de Belas Artes dirixido ao Delegado de Cultura de Pontevedra afirmando que en 1973 adquiriuse e pagou o inmovible e instando o levantamento das actas de ocupación e pago e copia das citadas actas de ocupación e pago.
- 308.** Solicitud de informe á Administración do Estado, solicitando copia do informe, datos ou resposta remitidos pola Xunta de Galicia ao Goberno sobre o cumprimento no sistema educativo do contido da Carta Europea das Linguas Minorizadas.
- 309.** Solicitud de informe ao Ministerio do Interior, solicitando copia de todos os informes realizados ata o momento pola unidade de ciberseguridade do Instituto Armado respecto a os bulos e informacións distribuídas polas redes sociais.
- 310.** Solicitud de informe á Dirección Xeral da Costa e o Mar (Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico), solicitando o historial de verteduras para os sedimentos procedentes de dragaxes portuarias, así como as cantidades, procedencia e natureza dos sedimentos depositados no devandito punto e medidas de seguimento e control realizadas para avaliar a situación e evolución do mesmo.
- 311.** Pregunta sobre o proxecto de reposición vial na parroquia de Chapela.
- 312.** Pregunta sobre a presenza de Leopoldo López na Galiza durante Semana Santa.
- 313.** Pregunta sobre a concesión portuaria nos estaleiros “San Enrique” de Vigo (antigo Vulcano).
- 314.** Pregunta sobre o dique norte de Morás e a creación dunha Autoridade Portuaria de San Cibrao (Lugo).

- 315.** Pregunta sobre o regulamento europeo de control de pesca e a imposición de tacs.
- 316.** Pregunta sobre a definición de pesca artesanal no regulamento europeo de control de pesca.
- 317.** Pregunta sobre a afectación económica pola reforma do regulamento europeo de control de pesca.
- 318.** Pregunta sobre a recente reforma do regulamento de control de pesca.
- 319.** Pregunta sobre a exención das patentes das vacinas contra a COVID-19.
- 320.** Pregunta sobre o interrogatorio ao xornalista palestino Muath Hamed polo MOSSAD en Madrid.
- 321.** Pregunta sobre a rebaixa do IVE até 4% nos produtos pesqueiros.
- 322.** Pregunta sobre a reconsideración do Goberno en torno os custes e portaxes da factura eléctrica.
- 323.** Pregunta sobre a retirada da orde de regulación da factura eléctrica.
- 324.** Pregunta sobre a revisión dos impostos aplicados á factura eléctrica.
- 325.** Pregunta sobre as tarifas do tren AVANT na Galiza.
- 326.** Pregunta sobre a recuperación do tren hotel e das liñas de larga distancia na Galiza.
- 327.** Pregunta sobre a recuperación da liña de tren AVANT de Ourense das 6:45h.
- 328.** Pregunta sobre a reposición das liñas e frecuencias de tren suspendidas na Galiza.
- 329.** Pregunta sobre o número de concesións hidroeléctricas vixentes na Galiza.
- 330.** Pregunta sobre a reversión das concesións hidroeléctricas.
- 331.** Pregunta sobre o Mosteiro de Santa Catalina en Ares.
- 332.** Sobre as previsións acerca de dar cumprimento a reclamación que realiza a Xunta de Galiza sobre os 370 millóns que se lle adebedan, 200

millóns de IVE correspondente ao ano 2017 e 170 millóns dos incentivos habilitados para as autonomías cumpridoras da regra de gasto, así como da reforma do sistema de financiación autonómica. **Pregunta en Comisión.**

333. Ten previsto o Goberno atender as alegacións presentadas ao Estatuto do Consumidor Electointensivo para asegurar que represente realmente unha solución a situación da industria electointensiva na Galiza e no Estado español? **Pregunta en pleno.**

334. Que medidas pensa adoptar ao goberno para afrontar a crise económica e industrial que estamos sufrindo? **Pregunta en pleno.**

335. Contempla o Goberno a intervención pública de Alcoa para nacionalizar a planta de San Cibrao? **Pregunta en pleno.**

336. Pensa o Goberno posibilitar que os fondos europeos que correspondan a Galiza, segundo criterios de xustiza social e territorial, sexan xestionados directamente polas administracións galegas? **Pregunta en pleno.**

337. Pensa o Goberno corrixir o trato discriminatorio dado a Galiza nas inversións territorializadas consignadas no Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2021? **Pregunta en pleno.**

338. Por que, tendo en conta que existen as partidas específicas necesarias nos Orzamentos Xerais do Estado de 2021, non se comezaron a aplicar aínda as rebaixas e descontos na AP-9? **Pregunta en pleno.**

INTERPELACIÓNS

1. Interpelación urxente á **Vicepresidenta Terceira do Goberno e Ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital** para que expoña as medidas que prevé o Goberno para garantir unha saída social e xusta á crise económica tras a pandemia da COVID-19. Interpelación.

2. Interpelación urxente **á Ministra de Industria, Comercio e Turismo** para que expoña as medidas que prevé o Goberno para dar solución á crise industrial na Galiza. Interpelación.
3. Moción consecuencia de interpelación urxente sobre as medidas que prevé o Goberno para dar solución á crise industrial en Galicia.

SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1. Solicitud de Comparecencia do **Director Xeral da Axencia Tributaria**, ante a Comisión para a auditoría da calidade democrática, a loita contra a corrupción e as reformas institucionais e legais para explicar en que circunstancias, condicións e termos se produciu a “regularización” opaca de 4 millóns de euros, de dubidosa procedencia, por parte de Juan Carlos I de Borbón.
2. Solicitud de Comparecencia do **Xefe de Fiscalía Especial contra a Corrupción e a Criminalidade Organizada**, ante a Comisión para a auditoría da calidade democrática, a loita contra a corrupción e as reformas institucionais e legais para explicar en que circunstancias,

condicións e termos se produciu a “regularización” opaca de 4 millóns de euros, de dubidosa procedencia, por parte de Juan Carlos I de Borbón.

3. Solicitude de Comparecencia do **Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación**, na Comisión de Agricultura, Pesca e Alimentación, para informar sobre as xestións realizadas ata o momento ou que vai poñer en marcha o Goberno para a prevención e detección da Covid-19 nas granxas de visóns perante os casos rexistrados de zoonosis, sobre as medidas que integran o protocolo de bioseguridade e o grao de efectividade do mesmo nas granxas peleteras, así como sobre a frecuencia con que se realizan as probas, cal é o protocolo en caso de fuga de animais e se se van a realizar probas masivas en granxas e poboacións lindeiras do mesmo xeito que xa se está facendo noutros países europeos.
4. Solicitude de Comparecencia do **Ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana**, ante a Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, para informar sobre a negativa á autorización de aplicación das masas adicionais pactadas e acordadas no III Convenio Colectivo de Portos do Estado e Autoridades Portuarias, nin tampouco da que corresponde ás subidas salariais para o exercicio 2020 pactadas e acordadas no Acordo Administración-Sindicatos que veñen reflectidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.
5. Solicitude de Comparecencia do **Ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana**, perante a Comisión de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, para informar sobre a aplicación das rebaixas previstas nas tarifas da AP-9 que contan con respaldo orzamentario e que deben significar 100% da portaxe para os usuarios recorrentes, tanto particulares como profesionais, a gratuidade do tramo Vigo-Redondela e a absorción do incremento extraordinario de tarifas acumulativo durante 20 anos, contemplado nos Reais Decretos 1733/2011 e 104/2013 e as súas addendas e desenvolvementos posteriores.
6. Solicitude de comparecencia da **Ministra de Facenda**, na Comisión de Facenda, para explicar en que circunstancias, condicións e termos

produciuse a 'regularización' opaca de 4 millóns de euros, de dubidosa procedencia, por parte de Juan Carlos I de Borbón.

7. Solicitud de Comparecencia do **Presidente do Goberno** no Pleno da Cámara, para informar do Plan de Desconfinamiento previsto polo Goberno.
8. Solicitud de Comparecencia do **Ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións** no Pleno da Cámara, para que explique as razóns do enorme atraso na aprobación das solicitudes do ingreso mínimo vital e os prazos para asinar os convenios coas Comunidades Autónomas para a súa xestión.
9. Solicitud de Comparecencia da **Vicepresidenta Terceira do Goberno e Ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital** ante o Pleno da Cámara, para informar sobre a fusión de Bankia e Caixabank e a xestión das consecuencias do rescate bancario.
10. Solicitud de Comparecencia do **Xefe de Estado** no Pleno da Cámara, para dar conta das actuacións da Xefatura do Estado na marcha do Rei emérito do país sendo investigado por presuntas corruptelas, así como polas últimas informacións aparecidas en relación a membros da Familia Real.
11. Solicitud de Comparecencia do **Presidente do Goberno** no Pleno da Cámara, para dar conta das actuacións da Presidencia na marcha do Rei emérito do país sendo investigado por presuntas corruptelas, así como polas últimas informacións aparecidas en relación a membros da Familia Real.

SOLICITUDES DE CREACIÓN DE COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN

1. Solicitud de creación dunha Comisión de Investigación relativa ás presuntas ilegalidades cometidas polo ex xefe do Estado, don Juan Carlos I, e para determinar, no seu caso, as consecuentes responsabilidades éticas e políticas.
2. Solicitud de creación dunha Comisión de Investigación relativa á trama vinculada ás presuntas ilegalidades cometidas por membros da Casa

- Real e as influencias políticas, diplomáticas e comerciais con Arabia Saudita.
3. Solicitude de creación dunha Comisión de Investigación relativa á trama vinculada ás presuntas ilegalidades cometidas por membros da Casa Real e as influencias políticas, diplomáticas e comerciais con Arabia Saudita.
 4. Solicitude de creación dunha Comisión de Investigación relativa á trama vinculada ás presuntas ilegalidades cometidas por membros da Casa Real e as influencias políticas, diplomáticas e comerciais con Arabia Saudita.
 5. Solicitude de creación dunha Comisión de Investigación sobre as relacións diplomáticas e comerciais entre España e Arabia Saudita, o seu vínculo con institucións e empresas españolas e os seus efectos sobre o erario público.
 6. Solicitude de creación dunha Comisión de Investigación relativa a esclarecer os vínculos e responsabilidades dos Gobernos de España presididos por Felipe González co GAL.
 7. Solicitude de creación dunha Comisión de Investigación sobre a espionaxe e intromisión á privacidade e intimidade de líderes políticos, institucións e persoas individuais por parte de estruturas públicas do Estado.
 8. Solicitude de creación dunha Comisión de Investigación relativa ás empresas públicas adxudicatarias da construción do 'AVE do deserto'.
 9. Solicitude de creación dunha Comisión de Investigación sobre a vinculación de diversos estamentos oficiais do Estado e un armazón mediático, empresarial e 'parapolicial' creado con fins crematísticos ilícitos.
 10. Solicitude de creación dunha Comisión de investigación sobre o uso de tarxetas de crédito opacas por parte do Rei emérito, con posterioridade á súa abdicación, con cargo a fondos procedentes do estranxeiro.
 11. Solicitude de creación dunha Comisión de Investigación relativa á trama vinculada ás presuntas ilegalidades e irregularidades cometidas por

membros da Casa Real e as influencias políticas, diplomáticas e comerciais con Arabia Saudita.

12. Solicitude de creación dunha Comisión de Investigación sobre as irregularidades fiscais cometidas por don Juan Carlos de Borbón en ocasión da contratación e o abono a cargo da Fundación Zagatka de voos privados posteriores á súa abdicación.

EMENDAS A PROXECTOS DE LEI

1. Emenda á totalidade nos **Orzamentos Xerais do Estado** para 2021.
2. Emendas parciais nos **Orzamentos Xerais do Estado** para 2021.
3. Emendas parciais á **Carta Social Europea** revisada, feita en Estrasburgo o 3 de maio de 1996.
4. Emendas ao articulado do **Proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética**.
5. Emendas ao articulado do **Proxecto de Lei de Traballo a Distancia**.
6. Emenda á totalidade da **Lei Orgánica 1/2020**, de 16 de setembro, **sobre a utilización dos datos do Rexistro de Nomes de Pasaxeiros** para a prevención, detección, investigación e axuizamento de delitos de terrorismo e delitos graves.
7. Emendas ao articulado do **Proxecto de Lei pola que se adoptan determinadas medidas urxentes en materia de Agricultura e Alimentación**.
8. Emendas ao articulado do **Proxecto de Lei de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal**.
9. Emendas ao articulado do **Proxecto de Lei** pola que se aproban **medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario** para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.
10. Emendas ao articulado da **Proposición de Lei Orgánica de regulación da eutanasia**.
11. Emendas ao articulado do **Proxecto de Lei do Imposto sobre Determinados Servizos Dixitais**.

12. Emenda ao articulado do **Proxecto de Lei Orgánica de Protección Integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.**
13. Emendas ao articulado do **Proxecto de Lei Orgánica de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuizamento de infraccións penais e de execución de sancións penais.**
14. Emendas ao articulado do **Proxecto de Lei Orgánica** pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de **Educación.**
15. Emendas ao articulado do **Proxecto de Lei de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.**
16. Emendas ao articulado da **Proposición de Lei** pola que se modifica a Lei 20/2011, de 21 de xullo, do **Rexistro Civil.**
17. Emendas ao articulado do **Proxecto de Lei** pola que se modifica a Lei 12/2013, de 2 de agosto, de medidas para **mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.**